

Próxima a este altar, na súa esquerda, nun pequeno espazo a modo de capela con bóveda de medio canón, sitúase a fermosa e antiga pila bautismal.

Ante a ameaza da eminente ruína da primitiva torre campanario, no ano 1703 érguese a actual torre sobre unha alongada base de planta cadrada, toda ela de granito do país. Componse de dous corpos tamén de planta cadrada emerxentes de sendas balaustradas, ás que se lle engaden nos ángulos “acroteras” en forma de máscara.

Nas catro frontes do primeiro corpo, ábrense vanos con arcos de medio punto para acoller as campás; por riba do entaboamento esténdese unha rica cornixa que moldea o seu perímetro. O segundo corpo, de forma cilíndrica irregular servía de soporte da campá do reloxo.

O retablo maior, de 1883, realizouse aproveitando materiais doutros anteriores; configurando unha mestura de varios estilos de pésimo gusto. A medida que se ían establecendo devocións e irmandades adquiríanse as respectivas imaxes para as que se construíron doseletes e capelas.

En 1950, con donativos dos fieis e dunha aportación extraordinaria da familia Regojo-Otero, constrúese o actual retablo, inaugurado solemnemente o 11 de marzo de 1951, polo bispo da diocese frei José López Ortiz.



O artífice do proxecto foi o escultor compostelán Jesús Picón Rodríguez. De estilo gótico, formando un tríptico adosado ás paredes da ábsida con fermosas ménsulas, onde se veneran vistosas imaxes, ocupando o lugar central preferente Santiago Apóstolo, patrón da parroquia e do municipio. A cada lado do presbiterio colocáronse tres elegantes cadeiras corais cos seus respectivos reclinatorios. Toda esta obra foi executada en madeira de castiñeiro.

José-Antonio Orge Quinteiro.
Redondela, 3 de febreiro de 2020.



TEMPLO PARROQUIAL SANTIAGO APÓSTOLO DE REDONDELA



Durante a Idade Media, foi Redondela señorío da Mitra Compostelá. O Arcebispo de Santiago D^o Diego Xelmírez levou a cabo importantes reformas na vila e, se cadra no século XII, consagrou unha antiga igrexa que se emprazaba na parte urbana máis elevada da localidade, no mesmo lugar onde se edificaría o actual templo parroquial.

Da edificación que chegou ata os nosos días apenas existen referencias documentais, xa que a destrución do arquivo parroquial supuxo a perda da oportunidade de coñecer valiosas mostras que permitisen un estudo máis completo e rigoroso. Aínda que a data precisa da súa construción se ignora, as diversas fontes consultadas indican que podería tratarse de finais do século XV.

Constaba dunha soa nave rectangular, de fábrica de sillaría, dividida en cinco tramos separados por arcos apuntados, sen cruceiro, ábsida con bóveda de crucería, teito de madeira e coro alto sobre a entrada. Na fachada, a porta principal e o rosetón, ambos asimétricos; rematada en forma de pinche coroado por un Santiago matamouros, conforme ao estilo “gótico mariñeiro” propio das igrexas menores.

Coñecido como “a igrexa da vila”, no transcorrer do tempo foi renovado e leváronse a cabo numerosas obras de ampliación e remodelación que modificaron considerablemente o seu porte, perdendo a esvelteza e a elegancia que



A capela da “Quinta Angustia”, polo lado do evanxeo, contaba cunha imaxe pétreo da Virxe das Angustias, de indubidable valor, que conserva a súa policromía orixinal, na actualidade situada na parte interior dereita da entrada principal; e a capela da “Santísima Virxe dos Remedios” polo lado da epístola, ambas do século XVI; actualmente de “San Benito” e “San Sebastián”, respectivamente. As dúas, de planta cadrada, arco apuntado e bóveda de crucería. A primeira contiña un nicho cos enterramentos de D^o Antonio de Salazar e Pereira de Castro e a súa dona D^a Mariana de Castro e Ulloa; e na



nun principio debeu presentar, alterando o seu estilo primitivo.

A capela maior é de forma poligonal, con bóveda nervada e arco triunfal apuntado. No lado dereito da ábsida reparamos nunha fiestra cegada e asimétrica de arco apuntado, semellante ao da porta da entrada e ao do rosetón da fachada.

A data de 1641 que figura nos contrafortes exteriores da ábsida é a pegada evidente do seu reforzamento para evitar o afundimento da capela maior.

segunda, aínda se conserva en bo estado, un *arcosolio* con estatua xacente que representa un abade revestido con ornamentos propios e o escudo nobiliario atribuído a D^o Vasco Machado, natural desta vila de Redondela e abade da colexiata de Crecente. Tanto o monumento funerario como as capelas corresponden ao estilo renacentista, propio daquela centuria.



No século XVIII érguense as capelas do “Divino Nazareno”, talla do artista redondelán Antonio del Villar, simétrica á das “Ánimas”, na actualidade, tamén coñecida como a do “Santísimo Cristo dos Navegantes”; ambas de estilo renacentista, con arcos de medio punto e bóvedas semiesféricas cun ollo de boi no centro cuberto con madeira tallada.

Tamén se construíu nestas datas (1714), como corrobora a inscrición que figura no escudo de Redondela situado na clave da súa bóveda, a sancristía chamada “nova”, de planta rectangular irregular, con bóveda de medio canón.

A capela da “Inmaculada Concepción” (patroa do concello), máis pequena cas anteriores, de estilo plateresco, con arco de medio punto e fermosa bóveda de crucería; conta no centro do retablo cunha pequena talla do século XVI da referida virxe e cun singular escudo de Redondela, coas veneras (cunchas de vieira) invertidas. No lado oposto, o elegante e esvelto altar de “San Xoán”, patrón dos mareantes da vila, que conta cunha extraordinaria talla de “San Miguel Arcanxo”.